



## **MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016**

### **REUNIONS**

Levóronse durante o ano unha serie de reunións cos responsables políticos das distintas administracións, para explicarlle os nosos obxectivos e reivindicacións:

#### **Reunións Concello:**

- **MAR-2016.-** Solicitase audiencia co Alcalde o día 2 de marzo, celébrase o día 21 de marzo as 18:00 horas na Alcaldía, asisten:

**Concello:** Alcalde, Concelleira de Participación Cidadá.

**Agrupación:** Lorinda Fernández, Manuel Solveira, José Manuel García, Manuel Fernández, Francisco García, na que se tratan os seguintes temas:

- **Regulamento de participación cidadá.-** Expúxoselle o Sr. Alcalde que habíamónos enterado por medios pouco ortodoxos, de que dende a Concellería de participación Cidadá se esta a negociar cos demais grupos políticos a modificación do regulamento orgánico de participación cidadá, e que entre esas modificacións esta a supresión dos artigos que fan referencia a declaración de interese público municipal o cal non estamos dispostos. **Acordase convocar dende o Concello unha reunión con todas as asociacións veciñais para tratar dito tema.**
  - **Presupostos para 2016.-** Queremos saber de primeira man, para cando se van a levar a pleno os presupostos do 2016 e confeccionados con detalle as partidas que nos afectan o movemento veciñal. **Contestásenos que están a espera de aprobar a RPT, e acto seguido presentaríanse os presupostos a súa aprobación inicial, con respecto as partidas sería igual que as do ano 2015.**
  - **Subvencións para as asociacións.-** Como van a ser as bases para a solicitude de subvencións: Participación (actividades, investimentos e locais) e Cultura (culturais, festas, entroido, maíos e actuacións musicais), cando van a saír e cantidades. **Contestásenos que as cantidades practicamente serán as mesmas que as do 2015, con respecto as bases das distintas subvencións acordase convocar dende o Concello unha reunión con todas as asociacións veciñais para mostrarmos o borrador das mesmas.**
- **Xuño-2016.-** Solicitase audiencia co Alcalde o día 12 de maio, celébrase o día 1 de xuño as 17:30 horas na Alcaldía, asisten:
- Concello:** Alcalde, Concelleira de Participación Cidadá e concelleiro de Urbanismo.
- Agrupación:** Lorinda Fernández, Manuel Solveira, José Manuel García, Manuel Fernández, Francisco García, Sara Rial, Rafael Mosquera, na que se tratan os seguintes temas:
- **PXOM.-** Tal e como se quedara na reunión do outono pasado, sobre este tema, queremos saber como se encontra o plan a día de oxe sobre as dúas peticións que lle fixemos o grupo de goberno. **Contestásenos que con respecto o compromiso de converter en solo urbano o máximo que a lei permita, que a finais de xullo estaría en situación de poder ensinarmos os planos pobo por pobo. Con respecto o compromiso de que ningunha vivenda con licenza quede fora de ordenación,**
  - **Bases subvencións participación e Cultura.-** Debido o tempo transcorrido dende a última reunión, na que se nos dixo que se ía proceder a convocar unha reunión con tódalas asociacións para explicarmos o borrador das distintas subvencións, **contestásenos que practicamente esta o borrador e que en dúas semanas manteríamóns unha reunión na sede da Agrupación para explicármolo.**
  - **Regulamento de participación cidadá.-** Despois de quedar na última reunión que tamén se ía proceder a convocar unha reunión coas asociacións, para explicarmos as vantaxes da anulación dos artigos referentes a declaración de utilidade pública, **contestásenos que tamén en dúas semanas se nos explicaría na sede da Agrupación.**



- **Xullo-2016.-** Solicitase audiencia co Alcalde o día 18 de xullo, celébrase o día 28 de xullo as 17:30 horas na Alcaldía, asisten:  
**Concello:** Alcalde, Concelleiro de Infraestruturas e concelleiro de Urbanismo.  
**Agrupación:** Lorinda Fernández, Manuel Solveira, Manuel Fernández, Francisco García, Sara Rial, Rafael Mosquera, na que se tratan os seguintes temas:
  - **Modificación de crédito.-** Debido a sentenza do supremo con respecto a perda de competencias da xunta de goberno local, para aprobar os presupostos prorrogados do ano anterior e que en declaracións do Alcalde os medios de que non se ían levar a pleno, se isto e así non se pode asinar o convenio coa Agrupación, sería necesario unha modificación de crédito, **contestásenos que se levara dita modificación o pleno do día 5 de agosto.**
  - **Plan xeral.-** Despois de pasar mais dun mes dende a última reunión (01.06.2016) e aínda non haber sido convocados para a reunión que se acordou do PXOM, para ensinarnos sobre o plano as vivendas que volven a quedar dentro de ordenación e a superficie que se amplía de solo urbano en cada núcleo, **contestásenos que aínda non dispón dos planos.**
- **Setembro -2016.-** Celebrouse no despacho da Alcaldía o día 1 de setembro as 16:30 horas a que asistiron:  
**Concello:** Alcalde, Concelleiros de Participación, Infraestruturas, Facenda.  
**Agrupación:** Lorinda Fernández (Rabo de Galo), Manuel Solveira (Santa Mariña), José Manuel García (Laxas), Florencio Rodríguez (Loureiro), Rafael Mosquera (San Estebo de Untes), Sara Cruz (Quince de Agosto), Francisco García (Castro de Beiro), na que se trataron os seguintes puntos:
  - **Plan de Obras 2016.** Despois de quedar sen executar unha serie de obras do anterior plan, solicítaselle o Concello que se elabore un novo plan de obras, que se metan as que quedaron sen executar do pan do 2014 e aquelas novas que soliciten as asociacións veciñais, **contestásenos que non hai problemas e que de novo consultemos coas asociacións para que volvan a priorizar as obras que queren incluír, tanto as que quedaron pendentes coma obras novas.**
- **Outubro 2016.-** Celebrouse no despacho da Alcaldía o día 10 de outubro as 16:30 horas a que asistiron:  
**Concello:** Alcalde, Voceiro do PSOE, Concelleiros de Participación, Infraestruturas e Facenda.  
• **Agrupación:** Lorinda Fernández (Rabo de Galo), Jose Manuel García (Laxas)  
• **Limiar:** Manuel Camero (Agarimo), na que se trataron os seguintes puntos:
  - **Plan de Obras 2016.** Unha vez presentadas todas as obras que nos remitiron as asociacións veciñais, queriamos saber a valoración total das mesmas, cantas se ían incluír e canto diñeiro se ía levar a modificación de crédito, contestásenos, que as obras íanse incluír todas, que a modificación de crédito se ía levar o máximo dispoñible e que as obras as que non alcanzase o diñeiro, levaríanse a unha modificación en xuño do 2017.
- **Outubro – 2016.-** Solicitase audiencia co Alcalde o día 5 de outubro, celébrase o día 10 de outubro as 17:30 horas, a que asistiron:  
**Concello:** Alcalde, Concelleiros de Participación, Infraestruturas, Facenda.  
**Agrupación:** Lorinda Fernández (Rabo de Galo), Manuel Solveira (Santa Mariña), José Manuel García (Laxas), Florencio Rodríguez (Loureiro), Rafael Mosquera (San Estebo de Untes), Sara Cruz (Quince de Agosto), Francisco García (Castro de Beiro), na que se trataron os seguintes puntos:
  - **Cursos Participación Cidadá.**
    - Que se vai facer cos cursos de cocifa etc.
  - **Bases Participación Cidadá.**
  - **Bases Cultura e Festas.**
    - Para cando as de cultura.
    - Eganados nas bases 700 (600)
  - **PXOM.**
    - Fora de ordenacion, rexístralos sen hipoteca 0
    - Crecemento dos núcleos, ver un por un.



- **Limpeza viaria e recollida de lixo no rural.**
  - Frecuencia semanal
  - Recollida do lixo 4 veces
  - Limpeza contedores
- **Declaración de utilidade pública municipal**
  - Declaración xa e modificación de ordenanzas
  - Distritos e consello social
  - Presupostos participativos
  - Consellos municipais e xuntas de area.
- **Outubro 2016.-** Celebrouse no despacho da Alcaldía o día 24 de outubro as 17:30 horas a que asistiron:  
**Concello:** Portavoz do PSOE, Concelleiros de Participación, Infraestruturas, Facenda Alcalde, Concelleiros de Participación,
- **Agrupación:** Manuel Solveira (Sta. Mariña), Jose Manuel García (Laxas)
- **Limiar:** Manuel Carnero (Agarimo), na que se trataron os seguintes puntos:
  - **Plan de Obras 2016.** Presentáronos o plan definitivo, onde están recollidas practicamente todas as obras solicitadas e que ascenden a 12 millóns de euros para o ano 2017 que irían nunha modificación de crédito o pleno do día 4 de novembro e 8 millóns de euros que irían a outra modificación de crédito nun pleno para xuño de 2017.

### **Reunións Deputación**

- **MAR-2016.-** Solicitouse audiencia co Presidente o día 10 de marzo, celebrouse o día 4 de abril as 18:00 horas na sala de xuntas da Deputación, asisten :  
**Deputación:** Vicepresidente.  
**Agrupación:** Lorinda Fernández, Manuel Solveira, José Manuel García, Manuel Fernández, Francisco García, Sara Cruz, Rafael Mosquera e Florencio Rodríguez, na que se tratan os seguintes temas:
  - **Subvencións as Federacións e Agrupacións.-** Expúxoselle o Sr. Vicepresidente a necesidade de aumentar a cantidade de subvención dos 50.000 euros actuais a 75.000 euros e que se poida solicitar un anticipo do 50% unha vez aprobada a mesma; contestounos:
    - Con respecto a subir a cantidade dos 50.00 a 75.000 euros, non debería haber moito problema que o ia intentar.
    - Con respecto a que se poida solicitar un anticipo, a propia ordenanza contempla o camiño, pero ten o seu custo, o que se podería intentar e a xustificación parcial e anticipada, habería que falalo coa xefa da seccións de subvencións.
  - **Subvencións as asociacións.-** Solicitase que con carácter xeral as subvencións estean concedidas antes do mes de xuño de cada ano e que se aumente nun 50% a cantidade destinada as subvencións para actividades culturais e recreativas. Contestounos:
    - Con respecto a que as subvencións estean concedidas antes do mes de xuño, que non habería problema.
    - Con respecto a aumentar a cantidade destinada as subvencións para actividades culturais e recreativas un 50%, que o ia intentar.

### **Reunións Subdelegación do Goberno**

- Xun 2016.-** Participapouse o día 27 na reunión semestral da xunta de seguridade local,
- Dec 2016.-** Participapárase o día 16 na reunión semestral da xunta de seguridade local,



## **Rodas de prensa.-**

**Outubro 2016.-** Convocamos unha roda de prensa o día 27 de outubro, para explicar publicamente o plan de obras que presentamos o Concello

## **ACTIVIDADES**

Realizáronse unha serie de actividades organizadas para as asociacións de veciños do rural e periferia do Concello de Ourense, tendentes en primeiro lugar a facer pifia entre nos a través de andainas, xogos, cursos e reunións de confraternización e en segundo lugar reivindicando e buscando solución os problemas que presenta na actualidade o rural e a periferia do noso concello, a través de audiencias cos responsables políticos das distintas administracións.

**VII Convivencia Veciñal:** Celebrouse o día 23 de maio, no recinto do campo da feira a partir das 14:00 horas, cunha participación superior a do ano anterior, o número de asistentes foi de 576 persoas, repartidas do seguinte forma: 540 de pago, 22 rapaces e 14 invitados, entre autoridades, concelleiros e medios de comunicación, asistiron concelleiros do grupo de goberno e da oposición.

O xantar comezou as 14:30 horas, o menú consistiu polbo a feira, carne o caldeiro, bica, viño e licores. As 16:30 horas tivemos a actuación dun grupo musical e procedeuse o sorteo de 3 xamóns, finalizamos pasadas as 18:00 horas.

As entradas cobráronse a 10 euros para os adultos e a 5 para os rapaces maiores de 10 anos, o remate do xantar regalóuselle un detalle a cada participantes consistente nunhas tarteiras de barro, co anagrama da agrupación.

A convivencia foi subvencionada polo Concello de Ourense e Deputación.

**VII Andaina Veciñal:** Realizouse o día 17 de setembro polas marxes do río Miño, coa participación de 180 persoas, entre adultos e nenos, os que se lle agasallou cun detalle consistente nunha gorra co anagrama da agrupación.

Deuse a saída as 11:00 horas, fixéronse dos percorridos distintos:

Curto de 7 kilometros, dirixido a persoas maiores e nenos, dende o Campo da Feira, Oira, pasarela de Oira, Parque Miño, pasarela centro comercial, A Chavasqueira e chegada o campo da feira.

Largo de 15 kilometros, dende o Campo da Feira, Oira, pasarela de Oira, Parque Miño, Outairiz, O Tinteiro, A Chavasqueira e chegada o Campo da Feira.

A andaina descorreu sen incidencias, bo tempo e temperatura agradable, chegando tódolos participantes a liña de meta; no percorrido houbo 2 puntos de avituallamento abicados en Outairiz e a pasarela de Oira, neles repartíronse auga e froita.

Unha vez terminada a andaina convidouse a tódolos participantes un almuerzo campestre no propio Campo da Feira, a base de empanada, tortilla, xamón asado, queixo embutidos, viño cervexa e refrescos.

A Andaina foi subvencionada polo Concello de Ourense e a Deputación.

**Viaxe cultural:** Realizouse o sábado día 24 de outubro, as vilas de Vilanova de Cerveira, Baiona e Vigo, para cofecer a súa riqueza cultural e paisaxística, saíuse as 8:30 horas en autocar dende os puntos que fixaron as asociacións participantes.

Realizamos unha parada de media hora para almorzar, as 11:00 horas chegamos a Vilanova, onde os participantes visitaron a feira.

As 14:30 horas xantamos no restaurante El Tunel en Baiona I, pola tarde tivemos tempo libre para visitar a vila de Baiona, as 18 horas chegamos o porto de Vigo, onde tivemos tempo libre para visitar co casco vello e a pedra, as 20:00 horas que emprendemos regreso os puntos de partida.

O número de asistentes foi de 246 persoas que colaboraron con 20 euros para pagar o xantar e as visitas. O viaxe foi subvencionado polo Concello de Ourense.



**Xuntanza do Nadal** Realizouse o día 1 de decembro no Liceo, Tratase de rendir homenaxe a unha persoa por asociación integrada pola súa contribución o movemento veciñal, coa entrega dunha placa conmemorativa a actuación de María do Ceo e uns pinchos para despedir o ano. Os actos foron subvencionadas polo Concello de Ourense e a Deputación.

**Curso de informática:** O obxectivo do mesmo e que os participantes adquiriran coñecementos de e habilidade no manexo de word e excel, a duración do mesmo foi de 20 horas.

**Participantes:** 40 veciños distribuídos en 2 grupos de 20 alumnos.

**Clases:** Impartíronse na academia "DELTA PC".

- 1º curso.- luns, mércores e venres, dende o día 4 de abril ata o día 25 de abril de 18:00 a 20:00 horas.
- 2º curso.- luns, mércores e venres, dende o día 4 de maio ata o día 27 de maio de 18:00 a 20:00 horas.

**Custo:** O curso foi gratuito, subvencionado polo Concello de Ourense e a Deputación de Ourense.

**Curso de fitosanitarios.-** O obxectivo do mesmo e a obtención do carne de manipulador de produtos fitosanitarios que habilita para comprar como profesional ditos produtos; a duración do mesmo e de 25 horas lectivas ( 22 teórico practicas na aula + 3 practicas nun espazo exterior).

**Participantes:** 40 veciños distribuídos en 2 grupos de 20 alumnos.

**Clases:** Impartíronse na academia "RUA NOVA".

- 1º curso.- de luns a venres, dende o día 8 de abril, ata o día 21 de abril de 19:00 a 21:30 horas.
- 2º curso.- de luns a venres, dende o día 18 de abril, ata o día 29 de abril de 19:30 a 22:00 horas.

**Custo:** O importe do curso e de 65 euros, dos cales cada alumno so aportará 35, os 30 restantes abónaos a Agrupación, neste importe inclúen os tramites administrativos, pago de taxas para o dereito de exame e expedición do carne. O curso foi subvencionado pola Deputación de Ourense

**Curso de conservas:** A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiriran coñecementos de preparación e envasado de conservas.

**Participantes:** 50 veciños distribuídos en 2 grupos de 25 alumnos.

**Clases:** Impartiuse os días 8, 9 e 10 de outubro de 17:00 a 20:00, na sede social, cunha duración de 9 horas por curso

**Custo:** O curso foi gratuito, subvencionado polo Concello.

**Curso de Arte Floral:** A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiriran técnicas en arte floral.

**Participantes:** 50 veciños distribuídos en 2 grupos de 30 alumnos

**Clases:** Impartiuse os días 22, 23 e 24, de outubro e 5, 6 e 7 de Novembro de 18:30 a 20:30 na sede social, cunha duración de 8 horas por curso.

**Custo:** O curso foi gratuito, subvencionado polo Concello de Ourense e a Deputación.

**Curso de poda:** A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiriran técnicas de poda de tódalas variedades de árbores frutais.



**Participantes:** 50 veciños distribuídos en 2 grupos de 25 alumnos, os que se dotou dunha carpeta coa documentación necesaria para o seguimento do curso.

**Clases teóricas:** Impartíronse na sede social de 18:00 a 20:00 horas, os días 6, 13, 20 e 27 de outubro.

**Clase practica:** Impartíronse nunha finca no pobo de Pedraio (Pereiro de Aguiar) de 16:30 a 18:30, os días 28 e 29 de outubro, o desprazamento foi en autocar con saída da Alameda as 16:00, a finalización sorteáronse entre os alumnos 18 sérrochos e 22 tixeiras de poda.

**Custo:** O curso foi gratuíto, subvencionado polo Concello de Ourense.

**Charla fito sanitarios.-** Impartiuse na sede social o día 8 de marzo as 19:30 horas por un técnico da Xefatura Territorial da Consellería de Agricultura.

**Charla sobre o PXOM.-** Impartiuse na sede social o día 22 de novembro as 19:00 horas por técnicos da empresa Xestinorte Galega SL, foi subvencionada pola Deputación de Ourense

### **PLAN ESTRATEXICO DE INVERSIÓNS**

No ano 2011, elaborouse un plan de inversións para o rural e periferia do Concello de Ourense, onde cada asociación priorizou as súas necesidades reais para os próximos 4 anos, en infraestruturas (abastecemento, saneamento, depuración, infraestruturas deportivas, pavimentación, etc.), presentouse por rexistro o 21 de outubro.

En xuño do 2013, a petición da Agrupación, o grupo de goberno asumiu o compromiso de levar a cabo antes de final da lexislatura o plan de inversións presentado pola agrupación por un importe de 2 millóns de euros.

O 20 de febreiro de 2014, a petición do grupo de goberno volveuse a remitir un novo plan de inversións actualizado.

En xuño deste ano reunímonos na Alcaldía e asumíuse o compromiso de investir ata final da lexislatura 2 millóns de euros en obras para o rural e a periferia.

No mes de outubro mantivemos reunións co PP e o BNG, para convencelos de que se astivesen no pleno de outubro na aprobación do plan de obras.

No pleno do mes de outubro de 2014, aprobouse o plan de obras por un importe de case 5 millóns de euros, dos cales 2 millóns foron para o rural.

En novembro de 2015, chegouse o compromiso de que as obras do plan que quedaran fora por motivo da expiración do mesmo serían as primeiras en facerse cando se aprobara segundo plan de obras.

En Novembro de 2016 e despois de negociar co grupo de Goberno e co PSOE, conseguimos que se aprobara o segundo plan de obras por un importe de 21 millóns de euros para 157 obras no rural e na periferia do Concello.

**José Manuel García Casares, con D.N.I. número 34936024J, en calidade de secretario da Agrupación de AA.VV. do Rural e Periferia do Concello de Ourense Miño.**

**CERTIFICO:**

**Que a presente memoria de xestión, foi aprobada por unanimidade, en sesión ordinaria da Asemblea Xeral do día 21 de febreiro de 2017.**

**E para que así conste, asino o presente os vinteun días do mes de febreiro de dous mil dezasete.**

**Vº e Prace  
A Presidenta**

Asdo. Lorinda Fernández Faría